

## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO  
A Coruña



## ANUNCIO

Aprobación inicial de Reaxuste da delimitación do polígono de solo urbano non consolidado UU-R6 do Plan xeral de ordenación municipal de Carballo. Información pública.

Expediente 2024/U032/000003

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria que tivo lugar o 1 de xullo de 2024, acordou aprobar inicialmente o rexuste da delimitación do polígono de solo urbano non consolidado UU-R6 do PXOM de Carballo, promovido polo concello de Carballo, segundo o proxecto presentado pola entidade Lumieira Gestión Urbanística, S.L. o 07/06/2024, número de rexistro de entrada 202499900003186.

O que se somete a información pública por un prazo dun (1) mes, en cumprimento do disposto no artigo 106 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e no artigo 243 do regulamento da mesma lei (Decreto 143/2016, do 22 de setembro), co fin de que as persoas que se consideren afectadas por este poidan examinar o expediente e deducir, de ser o caso, as alegacións ou observacións que xulguen oportunas.

Así mesmo, notificaráselles individualmente o acordo de aprobación inicial a todos os propietarios afectados.

Este anuncio serve de notificación para as parcelas con titulares catastrais descoñecidos ou para aqueles titulares que se descoñece o seu enderezo.

O documento estará a disposición dos interesados na Oficina Técnica Municipal en horario de 10.00 h ás 13.00 h e neste taboleiro.

Carballo, 19 de xullo de 2024

Evencio Ferrero Rodríguez  
Alcalde